



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

## ANUNCIO DE CORRECCIÓN DE ERROS

*Aprobación CORRECCIÓN Bases reguladoras para a contratación laboral temporal dun Peón e un Albanel ao abeiro do Plan de Emprego Local da Deputación provincial da Coruña (PEL-CONCELLOS 2026)*

Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de MAIO de 2026

No BOP nº 86 do 11 de maio de 2026., publicáronse as bases reguladoras para a contratación laboral temporal dun Peón e un Albanel ao abeiro do Plan PEL CONCELLOS 2026

Detectado un erro no punto f) da base sexta da citada convocatoria, relativa aos requisitos dos aspirantes, acordouse efectuar a seguinte corrección:

Onde di:

### **Sexta.- Requisitos dos/as aspirantes**

*f) Estar incluído nalgunha das situacións de exclusión laboral seguintes (De conformidade co previsto na Base 3.2 do PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA NO ANO 2026 (PEL-CONCELLOS/2026) INCLUÍDO NA LIÑA 1.1 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL aprobado pola Deputación Provincial da Coruña):*

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior ao 33%.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

Debe dicir:

### **Sexta.- Requisitos dos/as aspirantes**

*f) Estar incluído nalgunha das situacións de exclusión laboral seguintes (De conformidade co previsto na Base 3.2 do PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA NO ANO 2026 (PEL-CONCELLOS/2026) INCLUÍDO NA LIÑA 1.1 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL aprobado pola Deputación Provincial da Coruña):*

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.

**- Menores de 30 anos**



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

- *Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.*
- *Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior ao 33%.*
- *Persoas en situación de drogodependencia.*
- *Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.*
- *Persoas con fogar monoparental.*
- *Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.*
- *Persoas vítimas de violencia de xénero.*
- *Persoas sen fogar.*

En Monfero a 20 de maio de 2026  
O Alcalde en funcións  
Alberto Cortizas Rejo